

BOLETÍN INFORMATIVO

Unidade de Igualdade

N.º 44 - Agosto de 2020

CONTIDO

CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS.....	1
CURSOS.....	1
CONVOCATORIAS.....	2
CONGRESOS.....	4
INFORMES, ESTUDOS E ARTIGOS DE INTERESE.....	5
RECURSOS SOBRE A COVID-19.....	7
AXENDA.....	9
NOVAS DO DUVI.....	10
NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (ABRIL DE 2020).....	11

Contacto: igualdade@uvigo.es

CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

CURSOS

Terceira edición do Itinerario virtual de formación en xénero. Universidade de Vigo [+Info](#)

Do 15 de xullo ao 13 de setembro de 2020 está aberta a inscrición no Itinerario virtual de formación en xénero coa oferta de novos cursos. A formación iníciase o 14 de setembro de 2020.

Título propio de experta/o en violencia de xénero: un enfoque interdisciplinario. [+Info](#)

O Instituto Universitario de Investigación de Estudos de Xénero da Universidade de Alacante impartirá enliña no curso 2020/2021 o Título propio de experta/o en violencia de xénero: un enfoque interdisciplinario. Este curso consta de 20 créditos ECTS e realízase entre o 28 de setembro de 2020 e o 12 de febreiro de 2021. Aberto o prazo de inscrición.

Título de Especialista universitario en masculinidades, xénero e igualdade [+Info](#)

A Universidad Miguel Hernández convoca este curso cuxo obxectivo é formar, analizar e reflexionar sobre os diferentes estudos e as investigacións levados a cabo sobre homes e masculinidades e a súa relación e implicación na consecución da igualdade de xénero. Inscricións ata o 2 de outubro de 2020. Inicio do curso en xaneiro de 2021.

Escola Virtual de Igualdade [+Info](#)

O Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades leva a cabo o programa formativo Escola Virtual de Igualdade, no cumprimento dos seus fins institucionais para promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a través de

accións de sensibilización e de formación en igualdade. O período de inscrición permanecerá aberto ata setembro de 2020 ou ata que se esgoten as prazas.

Feminicidio.net [+Info](#)

Continúa aberto o prazo de inscrición nos diversos cursos ofertados.

ONU Mulleres Centro de Capacitación [+Info](#)

Cursos dispoñibles todo o ano en diferentes modalidades: autoaprendizaxe, moderado, semipresencial, presencial e personalizado.

Igualdade na aula [+Info](#)

Curso gratuíto que a Secretaría de Igualdade Substantiva e de Desenvolvemento das Mulleres de Michoacán (Seimujer) en México, pon á disposición do profesorado en modalidade totalmente en liña.

CONVOCATORIAS

Exención do pago por ser vítima de violencia de xénero e fillos/as destas, dos prezos públicos para a matrícula en graos, mestrados, doutoramentos, programa de maiores ou centros adscritos do Sistema Universitario Galego [+Info](#)

Convocatoria dos I Premios Valedora do Pobo aos mellores traballos de fin de grao (TFG) e traballos de fin de mestrado (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres [+Info](#)

As solicitudes presentaranse ata o 5 de outubro de 2020. As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no dito boletín e na páxina web da Valedoría do Pobo e das universidades galegas.

Convocatoria dos Premios EGERIA á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de mestrado, 2019/2020 [+Info](#)

Premios Cátedra Deloitte ao mellor traballo fin de grao ou fin de mestrado do ámbito TIC con beneficio social [+Info](#)

Premios ao mellor TFG/TFM en Axenda 2030, cooperación ao desenvolvemento e RSU, 2019/2020 [+Info](#)

Bolsa olo Talento Dixital. Fundación ONCE [+Info](#)

Axudas, subvencións e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero e promoción da igualdade da Xunta de Galicia 2020

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [+Info](#)

Axudas de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [+Info](#)

Axuda para a atención integral de persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [+Info](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero e mulleres gravemente feridas. [+Info](#)

Subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade. [+Info](#)

Programa de mentoría Feminist Leadership in Science. FECYT [+Info](#)

A Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) acaba de poñer en marcha o programa de mentoría Feminist Leadership in Science - FELISE. Este programa, que se desenvolve no marco do proxecto europeo Gearing Roles, pon en contacto investigadoras novas con outras máis sénior para apoiar o seu desenvolvemento profesional e reflexionar conxuntamente sobre os cambios institucionais necesarios para lograr a igualdade de xénero na investigación e no ensino.

Convocatoria de presentación de traballos para a revista Asparkía Investigación Feminista [+Info](#)

Asparkía Investigación Feminista é unha revista publicada semestralmente polo Instituto Universitario de Estudos Feministas e de Xénero.

Convocatoria de presentación de traballos para a revista Feminismo/s [+Info](#)

A revista Feminismo/s da IUIEG abre unha convocatoria para o próximo número 36 (decembro

2020) cum dossier monográfico titulado «Departures and Arrivals: Women, Mobility and Travel Writing».

Mulleres no mundo do traballo. Perspectivas históricas desde o presente [+Info](#)

Prazo de envío de propostas: do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2020.

Figuras e arquetipos de xénero na Grecia Antiga [+Info](#)

Prazo de envío de propostas: do 1 de outubro de 2020 ao 31 de xaneiro de 2021.

XX Coloquio internacional de AEIHM tecnoloxía, ciencia e natureza na historia das mulleres [+Info](#)

No mes de outubro de 2020, a AEIHM organizará na cidade de Selecta o seu XX Coloquio Internacional. O obxectivo é realizar unha reflexión colectiva sobre a importancia da relación entre a natureza e a femineidade.

Financiamento para proxectos de corresponsabilidade e de coidados [+Info](#)

O acordo de colaboración entre o Instituto da Muller e a FEMP para 2020 contará cunha dotación de 300.000 € e dirixese a concellos, a deputacións, a cabildos, a consellos insulares e a agrupacións de municipios.

Recrutamento do Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE) [+Info](#)

O Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE) publica diferentes convocatorias de recrutamento para diversas vacantes.

Convocatorias vixentes:

- Expert Gender-based violence
- Expert Research and Statistics
- Expert Gender Mainstreaming

Premio iberoamericano de ensaio científico Sor Juana Inés de la Cruz [+Info](#)

A Universidad Autónoma del Estado de México (UAEM) convoca o premio dirixido a [#mulleres](#) do ámbito académico e da comunidade [#científica](#). As propostas de ensaios divulgativos, filosóficos ou científicos centraranse nas seguintes áreas temáticas: mulleres humanistas, promoción dunha cultura de paz, equidade de xénero e loita contra a violencia. Prazo de presentación: 28 de agosto de 2020.

Premios Innovatia 8.3 [+Info](#)

O Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades e a Universidade de Santiago de Compostela convocan a terceira edición do concurso Innovatia 8.3, dirixido a premiar as mellores iniciativas empresariais de base tecnolóxica lideradas por mulleres e promovidas desde o ámbito universitario. O obxectivo é introducir a perspectiva de xénero nos procesos de transferencia de coñecemento e de creación de empresas baseadas na tecnoloxía e no coñecemento desenvolvido nas universidades e nos centros de investigación. Prazo de presentación de solicitudes aberto ata o 8 de setembro de 2020.

Convocatoria do Club de Letras 2020/21 para tratar o tema do coidado [+Info](#)

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional acaba de publicar a convocatoria do Club de Letras, que nesta nova edición centrará o seu interese sobre o tema do coidado.

Prazo de presentación ata o 30 de setembro de 2020.

Premios L'Oréal-Unesco a mulleres na ciencia [+Info](#)

O programa L'Oréal-Unesco For Women in Science abre unha nova convocatoria para premiar mozas científicas españolas polo seu labor como investigadoras. Este premio ten como obxectivo darlle visibilidade ao traballo das científicas e alentar as vocacións pola investigación entre as máis novas.

O prazo para presentar candidaturas para as bolsas permanecer aberto ata o 13 de setembro de 2020.

Premio María Isidra de Guzmán [+Info](#)

A Concellería de Igualdade de Alcalá de Henares convoca a vixésimo terceira edición deste premio. Este galardón, que reconece as achegas de traballos de investigación relacionadas cos estudos sobre as mulleres e sobre as desigualdades por razón de sexo desde as distintas disciplinas académicas, foi instituído en 1992 e ten un carácter bienal.

Prazo de presentación: 31 de outubro de 2020.

Bolsa de formación e especialización en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

O goberno de Cantabria convoca unha bolsa de formación e de especialización en materia de igualdade de xénero para o ano 2020.

CONGRESOS

The 11th European Conference on Gender Equality in Higher Education (GEHE) [+Info](#)

Debido á actual emerxencia sanitaria mundial, a XI Conferencia GEHE organizada polo Ministerio de Ciencia e Innovación e a UPM e prevista para os días 16-18 de setembro de 2020 en Madrid, terá lugar do 15 ao 17 de setembro de 2021.

IV Congreso Internacional «O monacato feminino en América e na Península Ibérica» [+Info](#)

Organizado polo Instituto de Humanismo e Tradición Clásica da Universidade de León e a Coordinación Nacional de Monumentos Históricos do Instituto Nacional de Antropoloxía e Historia de México. O congreso terá lugar en León (España) do 14 ao 18 de setembro de 2020.

Congreso Internacional da Rede Internacional de Universidades Lectoras [+Info](#)

Universidade de Málaga. Universidade de Estremadura. Congreso virtual. A sección núm. 6 está

destinada aos estudos de xénero. 29 e 30 de setembro de 2020.

Simposio internacional **Cómo ser escritora? Xénero e autoridade no campo literario contemporáneo. Convocatoria de presentación de propostas [+Info](#)**

Universidad de Alcalá, 29 e 30 de outubro de 2020

INFORMES, ESTUDOS E ARTIGOS DE INTERESE

Mulleres e dixitalización. Das fendas dixitais aos algoritmos. [+Info](#)

Instituto da Muller e Observatorio Nacional de Telecomunicacións e Sociedade da Información (ONTSI), de Red.es.

As mulleres na economía dixital en España. Traxectorias inspiradoras. [+Info](#)

Instituto da Muller e Observatorio Nacional de Telecomunicacións e Sociedade da Información (ONTSI), de Red.es.

Preparing biographies of STEM women in the Wikipedia format, a teaching experience [+Info](#)

Encina Calvo Iglesias. 2020.

Towards breaking the gender gap in Science, Technology, Engineering and Mathematics. 2020 [+Info](#)

Emilia López-Iñesta ; Carmen Botella; Silvia Rueda; Anabel Forte. Departament d'Estadística i Investigació Operativa, Facultat de Matemàtiques, University of Valencia, Spain. 2020.

European Proposals to Work in the Gender Gap in STEM: A Systematic Analysis . [+Info](#)

A. García-Holgado; S. Verdugo-Castro ; C. González M.C. Sánchez-Gómez ; F.J. García-Peñalvo. 2020.

Valoracións, percepcións e impacto das políticas de igualdade entre mulleres e homes na Universidade de Vigo [+Info](#)

Este estudo foi financiado polo Pacto de estado contra a violencia de xénero e elaborado pola consultora de xénero galega Red Talento Consultoras.

«Quero ser investigadora». Unha guía para fomentar que o alumnado de secundaria coñeza referentes femininos da Universidade de Vigo [+Info](#)

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo presentou a publicación «Quero ser investigadora». Son dez pequenas historias, ao xeito dun conto, a través das que se difunden a experiencia e as vivencias de dez científicas que apostaron por facer o que lles gusta e por colaborar no avance da sociedade traballando desde a Universidade de Vigo.

ADIM «Avanzando na xestión da diversidade LGBT no sector público e privado» [+Info](#)

Este proxecto, financiado pola Unión Europea, tivo a participación de diferentes empresas e de universidades públicas de España e Portugal que buscan mellorar o respecto e a inclusión en ámbitos laborais de lesbianas, gays, bisexuais, trans e outras persoas pertencentes ás chamadas minorías sexuais, como intersexuais, asexuais ou persoas de xéneros non binarios que se inclúen na guía baixo as siglas LGBT+.

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

No Observatorio Igualdade Emprego poderás consultar estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero entre mulleres e homes no mercado laboral e no emprendemento.

Boletín estatístico mensual sobre violencia de xénero [+Info](#)

A Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero publica información estatística mensual sobre vítimas mortais, sistema VioGén ou chamadas ao 016.

Revista Igualdad núm. 14. Xullo 2020. Universidad de Almería [+Info](#)

#CienciaArcoiris: visibilizando a diversidade

[+Info](#)

Esta iniciativa ten como obxectivo visibilizar as persoas LGTBIQA+ do ámbito científico de distintas áreas do coñecemento (física, matemáticas, bioloxía, historia, arqueoloxía etc.)

Girls4STEM: Gender Diversity in STEM for a Sustainable Future [+Info](#)

By Xaro Benavent, Esther de Ves, Anabel Forte, Carmen Botella-Mascarell, Emilia López-Iñesta, Silvia Rueda, Sandra Roger, Joaquin Pérez, Cristina Portales, Esther Durá, Daniel García-Costa, Paula Marzal

Centro de Documentación e de Recursos Feministas (CDRF) [+Info](#)

Préstamo baixo demanda.
centro.documentación.feminista@vigo.org. Consulta en sala. Información bibliográfica e referencia. Consultas no teléfono 986 436 441 e por correo electrónico: centro.documentacion.feminista@vigo.org

RECURSOS SOBRE A COVID-19

Teletraballo e conciliación corresponsable en tempos de covid-19. Unha guía de boas prácticas para as universidades [+Info](#)

Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria (RUIGEU), xuño 2020.

Xénero e ciencia fronte ao coronavirus [+Info](#)

A Unidade de Mulleres e Ciencia analiza o impacto da covid-19 na igualdade de xénero na I+D+i e presenta un conxunto de recomendacións para ter en conta na toma de futuras decisións desde unha perspectiva de xénero.

A perspectiva de xénero, esencial na resposta á covid-19 . Instituto da Muller. [+Info](#)

Nesta tripla dimensión da pandemia, sanitaria, social e económica, faise necesario coñecer o alcance do impacto de xénero que produce e incorporalo na resposta dunha crise que, polas súas propias características, afecta de maneira diferente a mulleres e homes.

Guía de actuación para mulleres que sofren violencia de xénero en situación de permanencia domiciliar derivada do estado de alarma pola covid-19 [+Info](#)

A violencia de xénero non é un problema privado, é unha violación de dereitos humanos que incumbe a toda a sociedade, especialmente aos poderes públicos.

A perspectiva de xénero nas investigacións sobre a covid-19 [+Info](#)

Neste momento histórico que está a atravesar toda a humanidade debido á pandemia orixinada polo coronavirus é imprescindible incluír a perspectiva de xénero nos estudos científicos relacionados co impacto da covid-19 na nosa sociedade.

Aviso da Concellería de Igualdade de Vigo [+Info](#)

Nas páxinas webs do Concello, na web da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org), nas nosas redes sociais Igualdade Vigo, que o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller segue operativo a través do teléfono 24 horas 986 293 963 ou o correo electrónico info.muller@vigo.org a través do cal as mulleres vítimas de violencia de xénero están a recibir asesoramento xurídico, apoio social (trámites de axudas económicas, canguros...) e atención psicolóxica ademais de xestionarlles un recurso alternativo de acollemento en caso necesario.

RadiandoIgualdadencasa [+Info](#).

A Radio da Universidad de Sevilla, RadiUS, é unha iniciativa na que, de luns a venres, realizan entrevistas a diferentes persoas que traballan para construír unha sociedade máis saudable, xusta, sustentable e igualitaria. Na actual crise que estamos a atravesar, esta iniciativa adáptase á situación de confinamento e ofrece IRadiandoIgualdadencasa.

Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos [+Info](#)

Rúa Oliva, 12. 36202 Vigo. Teléfono: 986 222 328. Teléfono de atención ás vítimas: 606 929 137. Grupo de mulleres veciñais de Vigo cuxa actividade principal consiste en prestar atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de separación e de ruptura coas situacións derivadas dos malos tratos. Actuacións

xenéricas de apoio ás vítimas dos malos tratos: denuncia da violencia; escritos e publicacións en prensa; presenza na rúa, en xuízos, en xornadas e actos públicos. Actuacións nos casos de xuízos; entregas e recollidas de fillas e fillos; acompañamento en hospitais ou ante a policía; acompañamento nos casos derivados polo Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller; derivación ao servizo pertinente dos casos que requiran axudas de carácter técnico e/ou profesional.

«A Universidade responde» especial coronavirus [+Info](#)

Iniciativa que ofrece diferentes visións de aspectos relacionados coa crise da covid-19 desde o ámbito socioeconómico, psicolóxico ou sociolóxico.

Covid-19 crise desde unha perspectiva feminista: resumo de diferentes artigos publicados [+Info](#)

Selección das diferentes perspectivas e información feministas.

Os efectos da covid-19 sobre as mulleres e as nenas [+Info](#)

Unha análise das diferentes desigualdades estruturais en todos os ámbitos, sexa o económico, o sanitario ou a seguridade e a protección social causados pola covid-19.

Ciclo virtual «Miradas pandémicas» [+Info](#)

Diálogo virtual «Miradas pandémicas» organizado pola Confluencia Feminista. Dispoñible en YouTube.

AXENDA

Mes de agosto:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

Do 1 ao 9 de agosto 2020: Semana Mundial da Lactación Materna (OMS).

NOVAS DO DUVI

A Cátedra de Feminismos 4.0 porá en marcha unha convocatoria de premios para promocionar, apoiar e fomentar os estudos STEM [+Info](#)

Transversalización de xénero en ámbitos estratéxicos, distintivos para centros ou unha ludoteca provisional, propostas do III Plan de Igualdade da UVigo [+Info](#)

A UVigo súmase á rede de bibliotecas en igualdade para visibilizar o coñecemento xerado polas mulleres [+Info](#)

A Unidade de Igualdade lanza a terceira edición do Itinerario virtual de formación en xénero [+Info](#)

A UVigo prorrégalles os contratos ás investigadoras posdoutorais que se acolleron a permisos de maternidade nos últimos anos [+Info](#)

NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (Xuño de 2020)

Biblioteca de Belas Artes

Elena Colmeiro : Sen título : [exposición], Museo de Pontevedra, Sexto Edificio, do 4 de abril ó 4 d. Colmeiro, Elena, 1932-Pontevedra : Museo de Pontevedra, 2014.

Las Mujeres de la Bauhaus : de lo bidimensional al espacio total. Hervás y Heras, Josenia, autor Ciudad Autónoma de Buenos Aires: Diseño, noviembre de 2015 BUV Belas Artes BEL A2 HER,J.

Mulleres do silencio: de Maruja Mallo a Ángela de la Cruz. [exposición], [MARCO, Museo de Arte ConPontevedra : Deputación Provincial, [2019]BUV Belas Artes BEL A1A mul.

Musas insumisas : Delphine Seyrig y los colectivos de vídeo feminista en Francia en los 70 y 80. Seyrig, Delphine, 1932-1990, autor. Madrid: Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, [2019] BUV Belas Artes BEL A.05 SEY,D 1.

Olympic Games : the design : design history of the Olympic Games since Athens 1986. Osterwalder, MarkusSalenstein: Niggli, 2020 BUV Belas Artes BEL A7 OST, M I v.1 BEL A7 OST,M II v.2.

Sara Coleman : la cuarta piel [exposición] Coleman, Sara, 1980-[Pontevedra]: Fundación Rac, [2019]BUV Belas Artes Depósito: BEL FA.05 COL,S 1. BUV Belas Artes Depósito: BEL FA.05 COL,S 1(A).

Biblioteca de Pontevedra

Las Chicas son de ciencias : 25 científicas que cambiaron el mundo. Cívico, Irene. Barcelona: Montena, 2018. BUV Bca Campus Pontevedra BCP 5:37 CIVI,I.

Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes : 200 historias de mujeres extraordinarias Favilli, Elena, autor[Barcelona]: Destino, 2018.BUV Bca Campus Pontevedra BCP 82-93 FAVI,E v.1 VENCE 27-11-22 PR.PROX.INVEST.BUV Bca Campus Pontevedra BCP 82-93 FAVI,E v.2 .PR.PROX.INVEST. BUV Bca Campus Pontevedra. Depósito: BCP 82-93 FAVI,E bolsa.

Daniela pirata. Isern, Susanna.[Madrid] : NubeOcho, 2019BUV Bca Campus Pontevedra.BCP 82-93 ISER,S.

Iheroínas del deporte. Villarejo, Luis. Madrid: Consejo Superior de Deportes, [2017]. BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 796.01 VILL,L .

Irmandiñas. Marco, Aurora.Santiago de Compostela: Laidvento, 2020.BUV Bca Campus Pontevedra BCP 323 MARC,A BUV Filoxía/Tradución FFT 396 MAR irm.

La madre de Frankenstein : agonía y muerte de Aurora Rodríguez Carballeira en el apogeo de la España. Grandes, Almudena, autor.Barcelona: Tusquets, febrero de 2020.BUV Bca Campus Ourense OUR N 821.134.2 /1217 .BUV Bca Campus Pontevedra BCP 860 GRAN,A.

Mi historia. Obama, Michelle, 1964- autor. Barcelona: Plaza & Janés, noviembre de 2018.BUV Bca Campus Pontevedra BCP 929OBA OBAM,M.

Valerosas: mujeres que sólo hacen lo que ellas quieren. Bagieu, Penélope. Madrid: Dibbuku, [2017] BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 82-36 BAGI,P vale 1 v.1.

Biblioteca de Ourense

Compañeira, non serva. Regueira Cereijo, María Rosario, 1959-Noia: Toxosoutos, D.L. 2019 BUV Bca Campus Ourense OUR N 821.134.4 /565 .book jacket.

Cómplices : a violencia machista institucional. Vázquez Silvia, Iria. Vigo: Galaxia, 2020.BUV Bca Campus Ourense OUR 396 /673 .BUV Bca Campus Ourense OUR 396 /673(A)

De qué hablamos cuando hablamos de violación. Abdulali, Sohaila, autor. Madrid: Ediciones Cátedra ; [Valencia]: Universitat de València. Publicacions de la Universitat de València, 2020 BUV Bca Campus Ourense. OUR 396 /670.

Ellas hablan. Toews, Miriam. Madrid: Sexto Piso, 2020.BUV Bca Campus Ourense OUR N 821.134.2 /1225 book jacket.

Emilia Pardo Bazán, la escritora en Miraflores. A Coruña: Hércules de Ediciones ; [Sanxenxo] : Galicia Milenio, D.L. 2019. BUV Bca Campus Ourense OUR 929 /87.

La gran historia del feminismo: de la antigüedad a nuestros días. Auffret, Séverine. Madrid: La Esfera de los Libros, febrero de 2020.BUV Bca Campus Ourense OUR 396 /678.

Guía didáctica para la igualdad de género. Lozano Mijares, María del Pilar. Madrid : Santillana, [2019]. BUV Bca Campus Ourense OUR 37.035 /341.

La igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres y las acciones de responsabilidad social. Lisboa: Juruá Editorial, 2019. BUV Bca Campus Ourense OUR 349.2 /217.

La isla de las mujeres del mar. See, Lisa, autor. Barcelona : Salamandra, 2020. BUV Bca Campus Ourense OUR N 821.134.2 /1223.

La Mujer invisible: descubre cómo los datos configuran un mundo hecho por y para los hombres. Criado Perez, Caroline. Barcelona: Planeta, 2020. BUV Bca Campus Ourense. OUR 396 /682.

El Libro del feminismo. Madrid: Akal, D.L. 2020. BUV Bca Campus Ourense OUR 396 /679.

María Montessori. Surian, Alessio. Barcelona: Debolsillo, 2020. BUV Bca Campus Ourense OUR C 821 /335book jacket.

María, reina de Escocia [Video-DVD] Barcelona : RBA Revistas ; Madrid : Universal Pictures International Limited, 2019. BUV Bca Campus Ourense OUR DVD 791 /1497 BUV Bca Campus Ourense OUR DVD 791 /1497 Guía BUV Bca Campus Pontevedra BCP AV 791.43-1 ROURJ 1.

Marie Curie. Milani, Alice, autor, ilustrador. Madrid : Nórdica Libros, enero de 2019. BUV Bca Campus Ourense OUR C 821 /334.

La Mujer del porvenir; la mujer de su casa. Arenal, Concepción, 1820-1893. Madrid : Nórdica Libros, 2020. BUV Bca Campus Ourense OUR 396 /672.

Mujeres olvidadas: las científicas. Tsjeng, Zing. Madrid : Oberon ; 2019. BUV Bca Campus Ourense OUR 396 /668.

El papel de las mujeres en el teatro. Saumell i Vergés, Mercè Madrid : Santillana, 2019. BUV Bca Campus Ourense OUR 396 /677 book jacket.

El Papel de las mujeres en la pintura y la escultura. Antonio Saenz, Trinidad de, autor. Madrid : Santillana, [2019] BUV Bca Campus Ourense OUR 396 /671 book jacket.

El papel de las mujeres en la publicidad. Núñez, Trinidad, autor. Madrid : Santillana, 2019. BUV Bca Campus Ourense. OUR 396 /676.

Pioneras : una apasionante saga familiar sobre las españolas que llegaron al salvaje Oeste. Coma González, Silvia. Madrid : La Esfera de los Libros, enero de 2020. BUV Bca Campus Ourense OUR N 821.134.2 /1224.

Violencias de género en el nuevo mercado tecnológico de trabajo. López Arranz, María Asunción Cizur Menor (Navarra) : Thomson Reuters Aranzadi, 2019. BUV Bca Campus Ourense. OUR 349.24 /108.

Visionarias : inventoras desconocidas. Palacios, Mercedes. Barcelona: Bridge, 2020. BUV Bca Campus Ourense OUR 396 /675.

Yo también soy una chica lista. Lijtmaer, Lucía. [Barcelona]: Destino, 2020 BUV Bca Campus Ourense OUR 396 /674.

Biblioteca Central

La apuesta por la igualdad efectiva entre mujeres y hombres desde la Ley de contratos del sector público. Rodríguez Escanciano, Susana, autor. Madrid : Centro de Estudios Financieros, [2019] BUV Central CEN 342.9 ROD apu.

La industria del sexo en la época romana : categorización social de la prostituta, medidas fiscales. Zamora Manzano, José Luis, autor. Madrid : Editorial Dykinson, 2019. BUV Central CEN 34(37) ZAM ind.

Masculinidades : aportaciones y debates. Madrid : UAM Ediciones, 2019. BUV Central CEN 316 MAS cul.

La mujer en la literatura y en la jurisprudencia: de Roma a la actualidad. Madrid: Dykinson, 2019. BUV Central CEN 396 MUJ enl.

Tres mujeres. Taddeo, Lisa, autor. Barcelona : Principal, febrero de 2020. BUV Central CEN 820-3 TAD tre .book jacket.

Unidades de igualdad : género y Universidad. Madrid: Universidad Autónoma de Madrid, 2017 BUV Central CEN 396 UNI dei.

Biblioteca de Económicas e Empresariais

Sexual orientation discrimination : an international perspective. London ; New York : Routledge, 2007. BUV Económicas-Empresas. ECO 910 SEX ori.

Biblioteca de Filoloxía e Tradución

Americanah Adichie, Chimamanda Ngozi, 1977-. [Barcelona]: Literatura Random House, 2016 BUV Filoloxía/Tradución FFT 820 ADI ame.

Escritoras en lengua francesa : renovación del canon literario. Granada : Comares, 2018 BUV Filoloxía/Tradución. FFT 840.09 ESC enl BUV Filoloxía/Tradución FFT 869.9 book jacket.

Feminismo. Cameron, Deborah, 1958- autor. Madrid : Alianza Editorial, 2019. BUV

Filoloxía/Tradución FFT 396 CAM fem book jacket.

Feminismo 4.0: la cuarta ola. Varela, Nuria, 1967- autor. Barcelona : Ediciones B, octubre de 2019. BUV Filoloxía/Tradución FFT 396 VAR fem book jacket.

Feminismo : breve introducción a una ideología política. Mansbridge, Jane J., 1939- autor. Barcelona : Página indómita, enero de 2020. BUV Filoloxía/Tradución FFT 396 MAN fem book jacket.

Feminismo es... Black, Alexandra, autor. London: Penguin Random House, 2019. BUV Filoloxía/Tradución FFT 396 BLA fem book jacket.

Feminismos: la historia. Ripio, Vanesa, autor. Tres Cantos, Madrid-España : Ediciones Akal, [2019] BUV Filoloxía/Tradución FFT 396 RIP fem book jacket.

Feminismos y populismos del siglo XXI : frente al patriarcado y al orden neoliberal. Buenos Aires: Teseo, [2019] BUV Filoloxía/Tradución FFT 396 FEM ypo.

Artigos de revistas e capítulos libros

La ciberviolencia de género en adolescentes. Rodríguez Castro, Yolanda. 2019.

Fotografía en femenino en la era posfotográfica: estudio de la iniciativa #NoSinFotógrafas. Porteiro Sánchez, Carmen. 2019.

Libros electrónicos

Gender Approaches in the Translation Classroom. Cham: Springer International Publishing, 2019. BUV Filoloxía/Tradución. FFT 82.03 GEN app jacket.

Sex and gender in Cervantes : essays in honor of Adrienne Laskier Martín = Sexo y género en Cervante. Kassel : Edition Reichenberger, 2019. BUV Filoloxía/Tradución FFT 860.09 SEX and book jacket.

Routledge handbook of gender and environment. Abingdon, Oxon ; New York, NY : Routledge, 2019. BUV Bca Campus Pontevedra BCP 305 rou.

Gender imbalance in housework allocation : a question of time? Álvarez García, Begoña. 2019.

The gender imperative : human security vs state security. Milton Park, Abingdon, Oxon : Routledge, [2019] book jacket.

Gender(ed) identities : critical rereadings of gender in children's and young adult literature. London : Routledge, 2019. BUV Filoloxía/Tradución. FFT 82-93 GEN ide book jacket.